

ACTA DA SESION EXTRAORDINARIA URXENTE DA COMISION MUNICIPAL DE GOBERNO CORRESPONDENTE O DIA 8 DE MAIO DE 1996.-

Na Casa do Iltmo. Concello de Ribadavia o día oito de Maio de mil novecentos noventa e seis; á unha e media da tarde xúntanse os señores que de seguido se sinalan para celebraren a sesión extraordinaria urxente da Comisión Municipal de Goberno correspondente a esta data: Alcalde-Presidente, Don Jaime Dávila Sánchez.- Concelleiros: Don José Pérez Iglesias, Don Amando Martínez Deaño e Don Celso Sotelo Barroso.-

Está presente o Secretario-Interventor accidental, Don Vicente Soto Rodríguez.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde pásase de seguido ó estudio dos asuntos que conforman a anunciada Orde do Día, que resultan se- los seguintes:

UNICO.- APROBACION, SE PROCEDE, DO PROXECTO DE REPARACION E ACONDICIONAMENTO DO CAMIÑO DAS CHABOLAS A SANIN E OUTROS.-

A Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade presta aprobación ó proxecto de Reparación e Acondicionamento do Camiño de As Chabolas a Sanín e outros, redactado polo Enxeñeiro Técnico Agrícola, Don Eladio Fernández Jáñez, cun presuposto de execución por contrata de 18.802.280 pesetas.

E sendo as dúas da tarde, o Sr. Alcalde ergueu a sesión, estendéndose a presente, da cal, coma Secretario accidental, certifico.